

Grupo profesional	Categoría profesional	Salario base	Complemento de categoría profesional	Compto. de centro de traballo	Compto. de función directiva	Complemento de calidade/cantidade complemento de polivalencia	Compto. específico noite	Comptos. non salariais	Bruto mensual	Bruto anual
3	ATE	1.050,07	156,09	44,77		38,13		197,49	1.486,55	20.250,87
	Administrativo e técnicos de 3ª	1.008,54	156,09	4,68				109,61	1.278,92	17.676,25
	Auxiliares administrativos e clínica	985,00	156,09	4,68				15,47	1.161,25	16.217,18
4	Cociñeiro	974,30	147,69	4,68				160,30	1.286,97	17.687,68
	Mantemento e téc. 4ª en administración	988,39	147,69	4,68		19,09		197,49	1.357,34	18.560,26
	Limpeza, lavandaría e axudante cociña	943,25	147,69	4,68				36,04	1.131,65	15.761,65
	Auxiliares de tarefas	918,48	119,49						1.037,97	14.531,61

Nota: o complemento de antigüidade especial incrementábase nun 2%

Distribución de contías brutas mensuais e anuais de complementos salariais e non salariais para postos directivos de área con incremento 2% IPC previsto para o ano 2009

Grupo profesional	Categoría profesional	Salario base	Complemento de categoría profesional	Compto. de centro de traballo	Compto. de función directiva	Comptos. non salariais	Bruto mensual	Bruto anual
Oa	Coordinador de área	1.445,76	467,17	584,60	411,53	197,49	3.106,55	41.104,46
	Subcoordinador de área	1.364,05	467,17	350,81	318,47	197,49	2.697,99	36.038,31

Nota: o complemento de antigüidade especial incrementábase nun 2%

Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lle dá publicidade ao acordo de mediación relativa á negociación derivada do artigo 35 do II Convenio colectivo para o persoal de administración da Universidade de Vigo.

Visto o texto do acordo de mediación relativo á negociación derivada do artigo 35 do II Convenio colectivo para o persoal de administración da Universidade de Vigo e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, artigo 2 f) do Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, artigo 17 a) do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do dito acordo de mediación no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

Acta de mediación

En Vigo, o 14 de maio de 2009, conforme o procedemento de mediación do Acordo galego para a solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA), no conflito relativo a negociación derivada

do artigo 35 do II Convenio Colectivo para o persoal de administración da Universidade de Vigo, as partes que a continuación se reflicten chegan a acordo, tras cinco reunións de mediación, e poñen fin ao citado conflito colectivo, coas seguintes cláusulas; actúa de mediador o designado en acta do 1 de abril de 2009, José Mª Casas de Ron, e acéptase a súa proposta mediadora.

Reunidas as partes, que son, por unha banda, en representación da Universidade de Vigo, a súa xerente, Ana Fernández Pulpeiro, a vicexerente Ana Comesaña Álvarez, e a xefa de servizo, Antonia Melón Amor; e, por outra, a representación sindical integrada por Marcos Estévez Orge e Manuel Marcos García, de CC.OO., Luis Pérez Gómez e Carlos Mollinedo Lois, de CIG, J. Andrés Zapirain Fernández de UGT, José Mª Pérez Landín, de CSI-CSIF, e Antonio Manuel Rodríguez González, do Grupo Independente da Universidade de Vigo, alcanzaron os seguintes acordos:

1.-Complétase a homoxeneización prevista no artigo 35 do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, seguindo as propostas de niveis, grupos, escalas e postos de funcionarios formuladas pola Xerencia, con data do 19 de febreiro de 2009. Neste sentido, teranse en conta diversas particularidades para postos de traballo do grupo I e persoal de informática e outros postos dos grupos restantes.

2.-Establécese unha paga única de 400 € non consolidable, compensatoria das expectativas xeradas, resultado de actualizar, computar atrasos acumulados e arredondar a paga compensatoria máxima establecida pola Xerencia e determinada polo mediador, conforme a doutrina das últimas posicións máis favorables dentro do proceso de homoxeneización.

3.-A homoxeneización retributiva terá efectos do 1 de xaneiro de 2007, xerando os atrasos corresponden-

tes conforme as condicións e procedementos establecidos no ámbito laboral.

4.-A Xerencia remitirá ao mediador certificación detallada, por niveis e categorías, do significado económico da aplicación dos tres puntos anteriores, antes do 31 de maio de 2009, certificación que servirá para todos os efectos como determinación da homologación retributiva.

5.-Na devandita certificación teñen que estar incluídas as previsións establecidas na disposición transitoria segunda do convenio colectivo, polo que se refiére aos postos de director dos servizos informáticos e de responsable da Unidade de Transporte e Distribución.

6.-Os traballadores manteñen, como dereito mínimo, as súas retribucións, sen que caiba, en ningún caso, a posibilidade de que ningún deles sufra ningunha min-gua nas súas retribucións actuais por ser un procedemento, o actual, de mellora colectiva.

En proba de conformidade e poñendo fin á negociación, asinan todas as partes esta acta, conxuntamente co mediador, en Vigo, na data indicada, sendo as 13.00 horas.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 8 de xuño de 2009 pola que se publican os convenios de colaboración subscritos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-Agader no primeiro cuadrimestre de 2009.

De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publícase a relación dos convenios de colaboración subscritos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-Agader no primeiro cuadrimestre de 2009, que figuran no anexo.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2009.

Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

ANEXO

Asinantes	Obxecto	Data da sinatura	Achega de Agader
Agader e a <i>Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia</i>	Execución de actividades de promoción do desenvolvemento rural de Galicia	2-1-2009	40.600 €
Agader e <i>Caixa Rural Galega, Caixanova, Banesto e Caixa Galicia</i>	Financiamento de proxectos no marco do programa Leader e da convocatoria de proxectos dinamizadores	13-2-2009	Sen achega económica
Agader e a Consellería de Vivenda e Solo	Elaboración dun estudo sobre o Plan especial de protección das casetas de pescadores en Carnota	26-2-2009	34.090 €

Asinantes	Obxecto	Data da sinatura	Achega de Agader
Agader e a <i>Asociación para o Desenvolvemento de Concellos Rurais</i>	Organización de quince feiras sustentables no medio rural	7-4-2009	99.000 €
Agader, a Consellería de Cultura e Deporte e as tres universidades galegas	Actividades relacionadas coa posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia	15-4-2009	32.791 €

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 15 de xullo de 2009 pola que se publican as subvencións concedidas a entidades locais, para a realización de actividades relacionadas coas oficinas municipais de información aos consumidores, no marco da Resolución do 26 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 5, do 8 de xaneiro de 2009) pola que se convoca e se regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas municipais de información aos consumidores para o ano 2009.

Na súa virtude, de acordo co establecido no artigo 20 das bases da citada convocatoria,

RESOLVO:

Facer públicas as subvencións concedidas para a realización de actividades das oficinas municipais de información aos consumidores (OMIC), aos beneficiarios que se relacionan no anexo desta resolución e nas contás que se sinalan.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2009.

M^a Nava Castro Domínguez
Presidenta do Instituto Galego de Consumo

ANEXO

Beneficiarios das subvencións para a realización de actividades das oficinas municipais de información aos consumidores (OMIC)

Concellos beneficiarios	Total
A Laracha	3.538,21 €
A Pobra do Caramiñal	3.538,21 €
As Pontes	4.717,62 €
Abegondo	3.538,21 €
Arteixo	5.897,02 €
Arzúa	4.717,62 €
Betanzos	3.538,21 €
Boiro	5.307,32 €
Camariñas	3.538,21 €
Cee	3.538,21 €
Cerceda	3.538,21 €
Malpica de Bergantiños	3.538,21 €
Melide	4.000,00 €